

PLAN DE CONVIVENCIA

IES AGRA DE RAÍCES

Maio 2024

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

A partir da Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) e tamén segundo a redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC).

Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recollerá e desenvolverá os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Actualmente, temos de referencia a denominada Estratexia Galega de Convivencia Escolar ([estratexia_galega_de_convivencia_escolar_2025.pdf](#) [\(xunta.gal\)](#))

As referencias normativas internacionais, nacionais e autonómicas que se tiveron en conta nesta Estratexia foron fundamentalmente:

Eido internacional

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948, establécese como ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse, a fin de que tanto os individuos como as institucións

promovan, mediante a ensinanza e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, mediante medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e a súa aplicación de maneira universal e efectiva.

A Convención dos Dereitos do Neno, ratificada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1989, recoñece o dereito da infancia a ser protexida por todo o persoal das institucións educativas contra todo xeito de abuso e/ou prexuízo, incidindo no dereito fundamental de nenos, nenas e adolescentes ao respecto da súa dignidade e integridade física e persoal.

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, de 2006, recoñece que os nenos e as nenas con discapacidade deben gozar plenamente de todos os dereitos humanos e das liberdades fundamentais en igualdade de condicións. Destaca a importancia que para o logro desta finalidade teñen os axustes razoables ou as modificacións e adaptacións necesarias, así como o deseño universal, entendido como o deseño de produtos, contornas, programas e servizos que poidan utilizar todas as persoas, na maior medida posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.

Eido europeo

A igualdade entre mulleres e homes é un dos obxectivos da Unión Europea. Co paso dos anos a lexislación, a xurisprudencia e as modificacións dos tratados foron mudando e conceptualizando a idea de igualdade, identidade e equidade. Este proceso remóntase ao Tratado de 1957 no que se evidencia a violencia contra a muller, seguindo co Tratado de Roma de 1974 para a igualdade e é continuado polos plans europeos de estratexias para a igualdade (2010-15) e o seu compromiso de continuidade (2016-19) e mantido no plan do 2020 de equiparación para erradicar estereotipos de xénero. O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita fronte á violencia contra as mulleres e á violencia doméstica, coñecido como Convenio de Istambul (2011), ratificado polo Estado español, estableceu o marco conceptual da violencia de xénero e expresou a necesidade de traballar desde o ámbito educativo a sensibilización, a prevención e a intervención ante situacións de violencia contra as mulleres.

Máis recentemente, o Foro Mundial sobre educación (2015), aprobou a Declaración de Incheon para a Educación 2030, que recolle 17 obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS) entre os que se inclúe o obxectivo nº 4 referido á

educación de calidade, que pretende garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, xunto coa promoción de oportunidades de aprendizaxe permanente para todo o alumnado.

A Estratexia Europea pola Igualdade de Xénero 2020-2025 sinala o ámbito educativo como un dos espazos de traballo necesarios para reducir as fendas de xénero presentes en todos os eidos sociais.

Eido nacional

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero recolle no capítulo I un amplo apartado dedicado ao traballo de sensibilización, prevención e intervención desde o ámbito educativo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recoñece como fins da educación os seguintes: o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades, que permita superar os comportamentos sexistas. Así mesmo, a dita lei propón o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

Outras leis nacionais salientables a este respecto son as seguintes:

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Real decreto 779/2013, do 11 de outubro, polo que se establece o título de técnico superior en promoción de igualdade de xénero e na que se establecen as ensinanzas mínimas.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia recolle no seu artigo 35 a creación dunha figura que coordine o benestar e da protección ao alumnado que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou titularidade do centro.

A Lei 15/2022 do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non

discriminación, reflicte no seu artigo 13 a importancia de que as administracións educativas leven a cabo as actuacións necesarias para a prevención, atención e eliminación de todas as formas de discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. Fomentárase a inclusión, nos plans de estudo nos que proceda, das ensinanzas en materia de igualdade de trato e non discriminación, tolerancia e dereitos humanos, afondando no coñecemento e respecto doutras culturas, contribuíndo á valoración das diferenzas culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos.

Eido autonómico

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recolle no capítulo III un apartado específico dedicado ás medidas de actuación relacionadas co traballo de sensibilización, prevención e intervención desde o ámbito educativo. Na súa versión consolidada, engádense como foco de atención os cibercrimes relacionados coa violencia de xénero.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, pioneira en achegar unha definición legal de acoso e ciberacoso, parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. A dita lei incide moi especialmente na corresponsabilidade familia-escola nesta tarefa e vincula a regulación da convivencia nos centros docentes ao establecemento de canles para a súa participación no proceso educativo.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación supón un importante avance para o impulso da atención á diversidade desde unha perspectiva de convivencia positiva.

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia reforzou o tratamento da diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero no ámbito educativo.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto e de solidariedade mutua. Define o plan de convivencia como o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que se deben acadar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar para acadar os obxectivos planificados. Créase mediante este decreto o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar, e responsable de impulsar a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.

A Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa favoreceu un avance decisivo na aposta pola formación das familias e pola súa inclusión nos procesos de ensino-aprendizaxe dos centros docentes.

A Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional supuxo un impulso decisivo para a incorporación da coeducación como elemento transversal ao traballo dos centros.

A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación desenvolveu polo miúdo os principios de convivencia e inclusión que trasladou o citado decreto.

Cómpre mencionar, finalmente, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia.

1.2. CONTEXTO SOCIAL, ECONÓMICO, CULTURAL E EDUCATIVO

O instituto Agra de Raíces está situado na rúa Buenaventura Castro Rial, S/N, na vila de Cee, capital do concello do mesmo nome, na comarca de Fisterra, no territorio da Costa da Morte. A súa área de influencia abrangue os concellos da comarca (Corcubión, Fisterra, Dumbría, Muxía), Carnota e Mazaricos, estendéndose a outros concellos da Costa da Morte no caso do ciclo formativo.

O contexto social, económico, cultural e educativo da comarca de Fisterra é moi parecido ao das comarcas limítrofes con quen conforma o territorio da Costa da Morte, e ten marcadas diferenzas con respecto ao de Galicia, froito do illamento histórico e do escaso desenvolvemento económico, cultural e educativo.

No ano 2023 a comarca de Fisterra ten 21.310 habitantes, segundo as fontes do Instituto Galego de Estatística (IGE). Corresponden 7660 ao Concello de Cee, 1647 a Corcubión, 2856 a Dumbría, 4697 a Fisterra e 4450 a Muxía. A densidade de poboación é de 62,71 hab/km². Dende hai moitos anos vén padecendo un decrecemento da poboación de xeito constante. A estrutura da poboación da comarca é moi parecida á galega, onde as persoas en idade laboral activa supoñen o 60,5% da poboación, e os maiores de 64 anos son case o triplo que os menores de 16 anos. A idade media é de 50 anos, a de maternidade é de 33 e o número de fillos por muller non chega a 1 (0,95). A poboación estranxeira supón un 2,63% da poboación.

No que respecta ao concello de Cee, onde se localiza o IES Agra de Raíces, obsérvase un decrecemento constante da poboación desde o ano 2011 no cal se acadou un pico de 7920 habitantes. Os 7660 actuais repártense en 3658 homes e 4002 mulleres. A idade media do concello é de 48,21 anos, un pouco por debaixo da media da comarca. A taxa de paro sitúase arredor do 4,7%.

A comezos do século XXI a taxa de poboación activa da comarca estaba 10 puntos por debaixo da de Galicia, sendo o triplo nos homes que nas mulleres. Porén, o paro tiña un comportamento inverso, estando a 4 puntos por riba do de Galicia, e sendo o dobre entre as mulleres que entre os homes. Estas tendencias aínda se seguen mantendo na actualidade en maior ou menor porcentaxe. Por sectores económicos, a ocupación maioritaria da poboación era no sector servizos, pero 14 puntos por debaixo da porcentaxe galega. En segundo lugar estaba o sector primario cunha diferenza de 11 puntos por diante da porcentaxe galega sendo especialmente salientable a pesca. O subsector da construción experimentou un incremento nos índices de paro nos últimos anos, seguido da industria,

pero a 6 puntos por debaixo da galega destacando a acuicultura, a produción de enerxía hidroeléctrica e eólica. Nos últimos anos obsérvase tamén o incremento constante no número de turistas que visitan a comarca e de peregrinos que continúan o Camiño de Santiago ata Fisterra. Este fluxo de visitantes favoreceu tanto a aparición de novas iniciativas hostaleiras na zona como a proliferación do alugueiro turístico, que se converteu nunha actividade económica destacada na comarca. Pola súa banda, a meirande parte do tecido empresarial da está composto por microempresas, salientando o concello de Cee como centro daquelas dedicadas ao sector servizos.

No eido industrial, destaca Xeal e as súas factorías de ferroalixe de Cee e Dumbría, anteriormente propiedade de Ferroatlántica. A venda das instalacións, que se completou no ano 2019, puxo fin a anos de incerteza sobre o futuro das fábricas. Entre as dúas plantas suman uns trescentos postos de traballo, polo que o seu peche afectaría directamente a bastantes familias do alumnado no centro e provocaría un forte impacto na comarca. Con todo, a situación nas dúas plantas dista moito de ser tranquila: as principais preocupacións na actualidade teñen que ver co cese da actividade de varios dos fornos ou coa redución do número de persoas traballadoras.

No que respecta á escolarización na comarca de Fisterra, a comezos de século o 25% da poboación tiña menos de 5 anos de escolaridade, cunha diferenza de 11 puntos por riba de Galicia. O 30% non acadara o graduado escolar, 3 puntos máis que en Galicia. O 7% acabara o bacharelato, estando 4 puntos por debaixo da porcentaxe galega, e outro tanto unha formación profesional de grao medio ou superior. A porcentaxe de persoas con estudos universitarios era do 6%, 5 puntos por debaixo da galega. Na actualidade os cambios de tendencias son moi lentos aínda que cada vez máis persoas acadan estudos superiores e universitarios.

Tendo en conta os últimos datos de 2023, os niveis de renda na comarca de Fisterra seguen presentando un desequilibrio na súa distribución, en comparación co comportamento que teñen en Galicia. O PIB por habitante da comarca sitúase arredor dos 20.000 €

Con respecto ao idioma, a lingua propia segue a ter unha importante presenza na zona, se ben se detecta un notable descenso do seu uso por parte das novas xeracións, en consonancia coas tendencias lingüísticas xerais observables neste grupo de idade en toda Galicia. Chama a atención particularmente o abandono do uso da lingua propia no ámbito escolar, de xeito que este medio se converte nun axente castelanizador para moitas rapazas e rapaces que teñen como lingua de uso familiar o galego. A competencia

lingüística é, con todo, bastante alta na zona. Neste sentido, a inicios do século XXI practicamente a totalidade dos habitantes da comarca entende o galego, e sábena falar o 98% (7 puntos por riba da galega), ler o 70% e escribir o 60%, lixeiramente superior a Galicia. O 86% da poboación usa o galego habitualmente, estando a 29 puntos por riba da galega, e só o 3% non o usa nunca, a 10 puntos por debaixo da galega.

No que respecta á estrutura familiar, teñen unha especial incidencia as familias compostas por pais, fillos e outros membros, maioritariamente de terceira xeración. Tamén é significativo as familias retornadas da emigración a Europa, nomeadamente Suíza, Francia, Inglaterra, Holanda,... Os escolares procedentes destas familias adoitan ter problemas de adaptación ao nivel académico que lles corresponde. Tampouco podemos esquecer que a emigración afectou de maneira moi importante ás familias desta comarca reactivándose a partir da recente crise económica.

As rupturas familiares, segundo diversas fontes, acadan niveis por debaixo da media galega, sendo moitas veces causa dos problemas de integración dalgúns alumnos e alumnas. Tamén a violencia machista está presente nas familias e na sociedade, aínda que nas estatísticas non aflora na súa verdadeira dimensión.

A violencia social acada índices baixos en global. A súa incidencia é, de xeito non uniforme, máis intensa nas vilas costeiras e de maior poboación. A mestura de violencia e de drogas segue sendo un binomio que explica a inseguridade cidadá nalgúns puntos da Costa da Morte. No referido ao consumo de drogas, diversas fontes sitúan a súa frecuencia nalgúns ambientes de ocio xuvenil, destacando o consumo de alcol de fin de semana, as drogas de deseño, o cannabis, e outras. O alcoholismo é unha adicción con notable presenza, e causa de problemas familiares e sociais. Recentemente obsérvase un incremento do interese dos adolescentes polas apostas realizadas a través de máquinas en cafeterías e lugares de ocio.

As infraestruturas e a planificación cultural dependen principalmente dos concellos, aínda que a iniciativa social ten un peso importante na actividade cultural que se leva a cabo na comarca. Caracterízase por unha dependencia económica das administracións públicas e por unha programación maioritariamente allea aos principais circuítos urbanos galegos. Destacan eventos de carácter popular e tradicional (como a mostra de promoción local Vindemo Ver, en Carnota), e algún singular que transcende o ámbito da zona na súa proxección (como no seu momento a Mostra de Teatro de Cee, celebrada por último ano en 2012 tras vinte e cinco edicións). En canto ás infraestruturas audiovisuais, tan só a vila de Cee dispón dun cine de xestión privada. Os distintos concellos que conforman a comarca

contan con bibliotecas públicas ou axencias de lectura e ofertan un abano, segundo o caso, máis ou menos amplo de actividades deportivas

No campo da creación literaria a zona ten unha especial relevancia pola numerosa presenza de creadores, que nalgúns casos de xeito individual (Concha Blanco, María Canosa) e noutros de xeito colectivo (Batallón Literario da Costa da Morte) están presentes nas Letras Galegas cunha meritoria e recoñecida obra. Cabe destacar que a moitos destes escritores e escritoras formaron parte do alumnado deste centro.

As infraestruturas educativas existentes na comarca de Fisterra e nos concellos de Carnota e Mazaricos suman un total de 29 centros educativos. No que respecta aos centros públicos da redonda a tendencia é a unha diminución do alumnado (o noso IES Agra de Raíces conta neste curso con 385 alumnas e alumnos matriculados).

1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

1.3.1. INSTALACIÓNS DO CENTRO

O instituto está formado por dous edificios onde atopamos as seguintes infraestruturas:

18 aulas de grupo con pantalla dixital, nas que se prevé a incorporación de pantallas táctiles proximamente. O alumnado da ESO, participa no programa Edixgal, e polo tanto, teñen un ordenador para cada alumno/a. Amais, o centro conta con 2 aulas de desdobres, aula de prácticas para o ciclo, aula de audiovisuais, aula de música, dúas aulas TIC (encerado dixital, canón...), aulas específicas de informática (dúas), tecnoloxía, matemáticas e debuxo, aula de idiomas, aula-departamento de francés, laboratorios de química, física e ciencias naturais, 10 despachos para departamentos, dous deles convertidos en aulas de reforzo (utilizadas polo profesorado de pedagogía terapéutica), unha aula de diversidade, un ximnasio, un polideportivo cuberto, unha pista ao aire libre, espazo multideportivo, sala para recepción de pais e nais e un local para a ANPA, arquivo, almacéns para a limpeza...

Esta distribución verase modificada no mes de setembro como consecuencia da incorporación dun novo ciclo ao centro, o que suporá unha redistribución das aulas e a creación de novos espazos para este ciclo.

Os espazos comúns son: unha biblioteca, o espazo Xoga-Games, un salón de actos

e aula de lecer (no edificio vello), unha sala do profesorado, despachos para o equipo directivo, conserxería, oficina de administración, cafetería e servizos nas tres plantas para alumnos, alumnas, profesores e profesoras e tamén para persoas discapacitadas na planta baixa.

1.3.2. HORARIO DO CENTRO

O horario do centro é o seguinte:

- Para ESO e Bacharelato:

Mañás: de 8:30h a 14:05h, con dous recreos (un de 10:10h a 10:25h e outro de 12:05h a 12:25h.).

Tardes: de 16:30h a 18:10h (só os luns).

En resumo, o alumnado ten 32 sesións semanais de 50 minutos.

- Para o Ciclo Formativo:

Mañás: igual que en ESO e Bacharelato

Tardes: de 16:30h a 18:10h os luns e mércores.

Contan, polo tanto, cun total de 34 sesións semanais de 50 minutos.

O horario de atención á comunidade escolar é de luns a venres pola mañá, de 8:30h a 14:05h, e os luns e os mércores tamén pola tarde, de 16:30h a 18:10h. O horario durante o mes de xullo será de luns a venres de 10:00h a 13:00h.

1.3.3. ENSINANZAS E ALUMNADO

Neste curso 2023-24 séguese a impartir ensinanzas da ESO, Bacharelato nas modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais, Formación Profesional (un ciclo formativo de grao medio de Coidados auxiliares de enfermería), e o programa That's English. Hai tamén un programa de Diversificación Curricular (PDC) en 3º e 4º da ESO. Por outro lado, prevese a

incorporación e oferta dun novo ciclo formativo de grao fuperior a partir de setembro, o ciclo de Técnico superior en hixiene bucodental.

O alumnado da ESO procede dos centros públicos CEIP Plurilingüe Vila de Cee, CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría, CEIP O Pindo e doutros colexios da área de influencia.

O alumnado de Bacharaleto procede preferentemente dos centros públicos IES Fin do Camiño de Fisterra, IES Lamas de Castelo de Carnota, IES Ramón Caamaño de Muxía e o Colexio Nosa Señora do Carmen de Fisterra.

Case a metade do alumnado vese obrigado a usar o transporte escolar. Unha grande parte deles tardan en chegar ao instituto entre media e unha hora.

O alumnado de ciclos formativos ten un perfil máis variado, predominando o alumnado que provén da ESO e da ESA, de diversos lugares da contorna.

1.3.4. PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE

Os órganos de goberno que conforman o equipo directivo son os seguintes: Director/a, Vicedirector/a, Xefe/a de Estudos e Secretario/a.

O claustro de profesores e profesoras está formado por 43 docentes (38 profesores de ensino secundario, 1 orientadora, 2 profesores de Pedagogía Terapéutica, 1 especialista compartida (con centro adscrito CEIP Vila de Cee) de Audición e Linguaxe (AL) e 2 profesores de Formación Profesional neste curso 2023-2024. O 60% dos membros do claustro teñen destino definitivo, pero unha boa parte adoita cambiar a un centro máis próximo ao seu domicilio nos concursos de traslados, dando lugar a cambios de persoal en breves períodos de tempo de tres ou catro anos.

O persoal non docente está formado por unha persoa de administración, dúas de conserxería, tres de limpeza e unha coidadora (ATE).

1.4. DETECCIÓN DE NECESIDADES EN ASPECTOS DE CONVIVENCIA

Os principais motivos de sanción no noso centro son:

- O comportamento disruptivo e irrespectuoso
- O uso inadecuado e indebido do móbil ou ordenador, que case sempre trae consigo unha resposta inadecuada cara ao profesor ou profesora que lles fai a chamada de atención.
- Conflitos entre alumnado do mesmo grupo, que se resollen moi satisfactoriamente coa mediación.
- Incumprimento doutras normas de convivencia, como por exemplo, comer na aula

2. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA:

2.1. OBXECTIVOS E PRINCIPIOS

2.1.1. OBXECTIVOS XERAIS QUE REXEN O PLAN

Entendemos por convivencia escolar a relación entre os membros da comunidade educativa baseada no respecto, na tolerancia e na cooperación.

O Plan de Convivencia debe ser o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, familias e alumnado) para o fomento dunha boa convivencia no centro.

Para desenvolver os nosos obxectivos debemos considerar acadar unha boa convivencia como un fin educativo que debe formar parte do proceso de ensino aprendizaxe e non como unha mera aplicación de medidas organizativas e disciplinarias. Acadar unha boa convivencia é, en definitiva, un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo.

Para acadar unha boa convivencia no centro, e para lograr un clima participativo e democrático, é necesario potenciar determinadas actitudes e condutas en todos os axentes implicados, así como inculcar unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social entre a comunidade educativa. Deste xeito, primarán as medidas restaurativas fronte as punitivas.

Marcamos os seguintes obxectivos:

- Mellorar a convivencia entre o alumnado e, por extensión, entre todos os membros da comunidade educativa.
- Implicar os distintos sectores da comunidade educativa na elaboración e posta en funcionamento das distintas ferramentas que posibiliten a mellora da convivencia no centro, para a consecución dun clima positivo e sendo responsabilidade e tarefa común.
- Promover o coñecemento dos dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa.
- Promover relacións de igualdade, traballando especialmente na promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación das violencias machistas.
- Atender a diversidade á hora de promover o coñecemento mutuo, eliminar prexuízos e estereotipos que promovan a superioridade, contemplando o respecto á diversidade funcional (discapacidade), á diversidade de orientacións sexuais e identidade de xénero (LGTBI), á diversidade cultural, relixiosa...
- Previr comportamentos disruptivos e de acoso entre iguais, contando con mecanismos de detección e estratexias de prevención.
- Desenvolver as normas e procedementos de resolución de conflitos, intervindo nestes cunha actuación mediadora e regulamentaria e tomando de referencia o modelo restaurativo.
- Garantir un grupo de profesorado con traballo de campo sobre os proxectos máis vinculados á mediación-convivencia.
- Realizar o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.

2.1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACCIÓNS CONCRETAS PARA LEVAR A CABO OS OBXECTIVOS XERAIS

- Levar a cabo unha análise pormenorizada dos problemas de convivencia no centro cuxos resultados deriven en novos e efectivos procedementos de prevención, protocolos de actuación e demais medidas resolutivas.
- Servir de referencia para definir as pautas de revisión do NOF do centro.
- Colaborar coa figura do coordinador/a de benestar e convivencia.
- Valorar a posta en funcionamento de actividades coeducativas de lecer activo dende unha perspectiva de inclusión.

- Ofertar actividades de ocio durante os recreos que favorezan a desconexión dixital.
- Potenciar o funcionamento do proxecto do Equipo A/Axuda.
- Valorar a formación do profesorado e alumnado para a posta en marcha do proceso de mediación como procedemento de resolución de conflitos e, no seu caso, poñer todos os medios necesarios para levar a cabo as tarefas de mediación con garantías.
- Incentivar actividades de formación para as familias ao longo do curso.
- Elaborar unha programación anual de actividades dirixidas a alumnado e profesorado orientadas á prevención e resolución de conflitos e á mellora da convivencia (talleres, charlas, coloquio etc.).

2.2. ACTITUDES

- Asunción por parte dos membros da comunidade da idea de que a convivencia é tarefa de todas e todos.
- Tolerancia e respecto á dignidade, igualdade e diversidade de todas as persoas.
- Respecto e cumprimento das normas de convivencia do centro e coidado das dependencias e materiais.
- Toma de conciencia da relación entre dereitos e deberes.
- Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais.
- Valoración do diálogo como instrumento na resolución de conflitos.
- Detección e comunicación das situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
- Fomento dunha comunicación verbal e non verbal positiva e inclusiva.
- Mellora do autocontrol, autovaloración e autosuperación.

2.3. PRINCIPIO DE IGUALDADE, FOMENTO DO BENESTAR EMOCIONAL E PREVENCIÓN

Entendemos a igualdade como a equidade de trato ante a diversidade que presenta o centro. Cómpre prestar atención non só á igualdade entre homes e mulleres, senón tamén á que ten que ver coa orientación sexual, a identidade de xénero, a identidade cultural e relixiosa, a diversidade funcional (discapacidade), as diferenzas sociais e económicas, entre

outras existentes.

A convivencia positiva implica traballar para o benestar emocional das persoas da comunidade educativa atendendo as necesidades e dando resposta ás dificultades dende a axuda mutua, acollendo as persoas novas no centro, empatizando... Cómpre prestar especial atención á promoción da saúde mental e á prevención de condutas de risco e potenciar hábitos saudables e o bo uso das pantallas. Débese entender a convivencia como a creación colectiva de espazos seguros, onde se priorice o respecto e valorización da diversidade, co obxectivo común de garantir o benestar emocional das persoas, polo que non poden ter cabida condutas que vaian en contra destes principios. Apélase a unha co-responsabilidade na identificación e resposta ante condutas contrarias a unha convivencia saudable.

É necesario que toda a comunidade educativa inclúa na súa docencia e relacións interpersoais a perspectiva de xénero. Deste xeito, estaremos construíndo o camiño cara a unha sociedade igualitaria e sentando as bases na loita contra a violencia de xénero e a LGTBIfobia.

O Plan de Igualdade do noso centro, que foi aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar en novembro do 2019, realizouse en base á normativa da Instrución do 6 de setembro do 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Destacaremos aquí os catro obxectivos coeducativos que establece dita Instrución e que aparecen así reflectidos no noso Plan de Igualdade :

- A promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- A prevención, detección e intervención en casos de violencias machistas.
- A promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- A prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia (violencia contra as persoas do colectivo por razón da súa orientación sexual ou da súa identidade de xénero).

As accións concretas que presenta o noso Plan de Igualdade para cumprir estes obxectivos son numerosas e están clasificadas tamén en base ás medidas de actuación nos distintos ámbitos que presenta a Instrución do 2019. Pódense resumir nos seguintes preceptos: organización igualitaria do centro, eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión de valores e dos saberes, xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo e inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

A estes principios do Plan de Igualdade deberemos engadir outras medidas de acción que se están levando a cabo nos últimos cursos como son a creación de espazos lúdico-inclusivos para fomentar unha utilización non sexista das instalacións do centro tales coma a modificación dos espazos deportivos no pavillón (espazos multideportivos reducidos para evitar a monopolización do fútbol); creación dos Xogagames nas inmediacións da biblioteca (espazo con xogos de taboleiro, cartas e outros xogos do estilo para evitar o uso de pantallas durante os recreos); aula de lecer coeducativa na que poden xogar ao tenis de mesa, fútbolín e dardos; ou torneos mixtos durante os recreos.

Sumaranse tamén todas as actividades extraescolares e complementarias enfocadas e programadas a través dos departamentos didácticos que se propoñen e aproban para cada curso escolar. Destacamos entre elas:

- Actos para o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro).
- Conmemoración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro).
- Actos para o Día Internacional da Muller (8 de marzo).
- Actos para o Día Internacional do Orgullo LGTB+ (28 de xuño).
- Accións titoriais específicas ao longo do curso coordinadas polo departamento de Orientación.

2.4. MARCO METODOLÓXICO DE REFERENCIA

2.4.1. DEFINICIÓN DE CONFLITO

Aprender a convivir e relacionarse formaríase parte da aprendizaxe. Falar de convivencia, relacións, supón ter en conta, por unha banda, unha serie de habilidades e procedementos que cómpre desenvolver e, por outra, incluír unha serie de valores nos contidos das programacións. Para afrontar a aprendizaxe da convivencia resulta imprescindible pensar no conflito como algo inevitable e necesario. Se, desta forma, conseguimos ter unha visión positiva, é posible que poidamos traballar con el e aproveitar a oportunidade educativa que nos brinda. O conflito acontece cando dous ou máis valores, perspectivas ou opinións son contraditorios por natureza ou non poden ser reconciliados, é dicir, inhabilidade de

chegar a un entendemento entre dúas partes que están a debater un asunto. O conflito pode ser destrutivo ou construtivo. Será destrutivo cando se lle dá máis atención que ás cousas realmente importantes, socava a moral e polariza a xente ou os grupos, reducindo a cooperación. En xeral, conduce a un comportamento irresponsable e daniño. Será construtivo cando deriva na solución de problemas, involucra a xente na solución de asuntos importantes para eles ou elas, conduce a unha comunicación máis auténtica, cando pode axudar a liberar emocións, estrés, ansiedade e permite a solución dun problema latente.

Reproducimos, por consideralas significativas, as seguintes palabras de Alboám sobre a idea de *conflito*: “ “No hay vida social sin conflictos” y esta afirmación se entiende de la siguiente manera: nuestra sociedad, los grupos y las personas con las que convivimos, se caracterizan por su gran diversidad: de culturas, de formas de vivir y entender el mundo, de intereses, de necesidades, etc. Tal diversidad es una fuente de enriquecimiento para todas las personas que formamos parte de la sociedad. Pero la diversidad es también muchas veces fuente de conflictos. Se suele decir que el conflicto se produce cuando concurren intereses o necesidades de un grupo de personas, enfrentadas con las de otras, o de unos grupos frente a los de otros, o de cualquiera de estos con quien detenta el poder. Vistas así las cosas, no hay vida social sin conflictos. Estos son consustanciales a nuestra vida y a nuestra convivencia, y evitarlos u ocultarlos solo conduce a complicar aún más su resolución. Habitualmente, la palabra “conflicto” lleva asociada connotaciones peyorativas. Seguramente esto es debido a que solemos identificarla con “violencia”. Es cierto que en ocasiones la violencia es la negación del conflicto, en la medida que pretende eliminar al diferente, negar su humanidad e imponer una falsa solución por la fuerza. 18 Por lo tanto, hay que distinguir claramente “violencia” y “conflicto”. Cuando este último no se afronta, ni se dan los pasos para resolverlo por cauces pacíficos, se desencadena una dinámica de incomunicación, desconfianza mutua, temores y prejuicios que puede culminar en episodios de violencia, especialmente a nivel intergrupalo y social. La violencia genera muchas heridas. En el mejor de los casos, heridas en la dignidad y en la autoestima de las personas. En el peor, se lleva por delante la vida de víctimas, para las que ya no habrá posibilidad de buscar otros caminos. Se habrá cometido con ellas una injusticia irreparable. Sin embargo, hay otra forma de interpretar el conflicto. Y es vivirlo no como una amenaza, sino como una oportunidad. Cuando optamos por medios pacíficos, el conflicto y todo el proceso que conduce a su resolución, supone una oportunidad para nuestro crecimiento como personas y como sociedades. De hecho, podemos considerar el conflicto como

uno de los motores principales de transformación social y de nuestro crecimiento como personas maduras. Hay que ver el conflicto como una “crisis” y también como una “oportunidad”. 3. Mecanismos alternativos de resolución de conflictos Existen varios mecanismos de resolución de conflictos, unos convencionales y otros alternativos (negociación, conciliación, mediación y reunión restaurativa). En los convencionales, los conflictos son gestionados por una persona externa al conflicto. Esta persona se apropia y monopoliza la gestión del conflicto sin haber estado involucrada en ello. En un proceso penal formal, es el tribunal -representado por su máxima autoridad, el juez-, quien tomará la decisión final acerca de cómo “resolver el conflicto”. Mientras tanto, las personas implicadas directa o indirectamente en ese conflicto (ofensor, víctima, familiares, amigos, comunidad) tendrán que aceptar la decisión tomada por esta tercera persona (juez), que le satisfacen o no. Es exactamente proceso en una unidad educativa, cuando el docente, el director o el responsable de disciplina o de convivencia es quien gestiona el conflicto y toma las decisiones finales para resolverlo. Por el contrario, los mecanismos alternativos de resolución de conflictos ofrecen diferentes posibilidades a las personas envueltas en un conflicto, para participar de forma conjunta y activa en la resolución del mismo, por lo general con la participación de un facilitador. ¡Los protagonistas del proceso son las partes y el facilitador facilita el proceso! Los mecanismos alternativos de resolución de conflictos son procesos solucionadores de conflictos interpersonales o grupales que se aplican ya sea por sí mismos o por medio de terceros, ejecutados fuera del sistema judicial o de disciplina escolar, refiriéndonos al tema de esta guía. Los mecanismos alternativos son: La negociación, el arbitraje, la conciliación, la mediación y la reunión restaurativa (restorative conferencing). Los mecanismos alternativos de resolución de conflictos tienden a enfocarse hacia “un mismo objetivo general”, es decir, a la resolución del conflicto con la participación activa de sus protagonistas, sin embargo, los procesos para alcanzarlo y los resultados derivados de ellos son significativamente diferentes entre un mecanismo alternativo y otro.” (extraído de Practicas_Restaurativas_en_el_ambito_escolar_Jean_Schmitz_julio_2018.pdf)

2.4.2. PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

As prácticas restaurativas son aquellas herramientas empleadas dentro de la resolución de conflictos. Trátase de medios basados en el diálogo que tienen como fin la resolución pacífica de conflictos. Estas técnicas tienen características diferentes como

contan expertos no ámbito coma Jean Schmitz.

Sistema de disciplina retributiva & Sistema de disciplina escolar restaurativa	
DISCIPLINA RETRIBUTIVA <ul style="list-style-type: none">• Busca penalización y "dar ejemplo".• Estigmatizar al culpable.• Se centra en el pasado.• A veces es arbitrario.• Causa dolor.• Promueve la sumisión, pero no la responsabilidad.• No suele generar cambios en la conducta y empeora las relaciones.	DISCIPLINA RESTAURATIVA <ul style="list-style-type: none">• Busca reparar y recuperar el bienestar.• Acepta la persona y rechaza el acto.• Mira al presente y al futuro.• Promueve la responsabilidad, la implicación y el compromiso.• Es un proceso educativo en si mismo.• Impulsa el cambio deseado y la capacidad de autoevaluación.

Os distintos tipos de prácticas restaurativas clasifícanse en dous tipos:

- **Non formais:** este tipo de prácticas non requiren dunha preparación en profundidade, poden realizarse de forma espontánea e, ademais, poden empregarse cunha soa persoa. Son medidas como a escoita activa e empática, a declaración afectiva, as preguntas restaurativas e afectivas.
- **Formais:** precisan de formación e preparación previa. Entre outras moitas destan as reunións restaurativas, os círculos restaurativos e as reunións de tipo familiar.

3. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO: ESTRUCTURA E ACCIÓNS

Partindo de que a convivencia é cousa de todas e todos, no centro contamos cunha estrutura en que se organiza a planificación e intervención en aspectos de convivencia. Cómpre salientar que debe existir unha coordinación e comunicación fluída entre os elementos de dita estrutura. A continuación explicamos as funcións e acción de cada un destes elementos:

- **Comisión de convivencia do Consello Escolar:**

No artigo 6 do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, indica que a comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres de todos os sectores da comunidade educativa e que debe estar composta por representantes do alumnado, profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. É por iso que a comisión de convivencia do noso centro está formada por Xefatura de Estudos, Orientación e representante do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos.

Entre as funcións da comisión de convivencia están:

- Elaborar o Plan de Convivencia, e unha vez redactado este, facer o seu seguimento e incorporar todas as achegas que se consideren oportunas para a súa mellora e constante actualización.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente as encamiñadas a garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato entre todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- Dar conta, cando menos tres veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e a conflitividade no centro.

- **Equipo directivo:**

Entre as súas atribucións están convocar a comisión de convivencia do centro escolar, garantir a disposición horaria e medios para o equipo P, realizar o rexistro e seguimento das incidencias de convivencia (xefatura), o rexistro das actividades de convivencia (vicedirección), o plan de acollida de alumnado, profesorado e familias (en colaboración cos departamentos didácticos, orientación, titores e titoras, equipos A e P). Actualmente encontrámonos á espera da recepción do Punto Laranxa contra

o acoso escolar.

- **Coordinación de bienestar emocional e convivencia:**

Na orde do 23 de agosto de 2023 establécense as funcións da persoa coordinadora de bienestar e convivencia. Estas funcións desenvólvense en coordinación co equipo directivo, co departamento de orientación, coas asociacións de nais e pais e co Equipo P.

- **Departamento de orientación:**

Asesoramento e colaboración co equipo directivo, participación no equipo P, propostas para o PAT, colaboración con diferentes actividades e programas, atención individualizada ao alumnado.

- **Equipo P (profesorado):**

Composto por xefatura de estudos, vicedirección, orientación, profesorado educación física, profesorado departamento de galego, programa INCLÚE, coordinadora bienestar e convivencia e coas funcións de crear e dinamizar os equipos A, actividades e espazos lúdico-deportivos e co-educativos, respostas ad-hoc a demandas de convivencia que se dan durante o curso, propoñer actividades para as titorías, atención e seguimento de casos e demais situacións que haxa que abordar dende a perspectiva de convivencia.

- **Equipo A (axuda entre iguais do alumnado):**

É unha proposta transversal e interdisciplinar que se crea coa intención de involucrar a toda a comunidade educativa na detección, abordaxe e mediación dos conflitos que xorden da convivencia cotiá. Todo isto levarase a cabo mediante a metodoloxía de axuda entre iguais. A participación é voluntaria, escollendo un grupo mixto nun proceso de selección mediante un formulario que busca identificar aquelas persoas con perfís e actitudes que respondan ás demandas do equipo (máis información no dossier do Equipo A).

- **Contrato educativo:**

Estratexia educativa que intenta crear situacións proveitosas para determinado alumnado que por certas características non se adapta ao itinerario educativo convencional. Con esta situación pedagóxica intentamos adaptar as actividades do centro ás necesidades persoais co fin de potenciar habilidades e aptitudes que sexan

proveitosas nun futuro.

- **Alumnado referencia:**

É unha estratexia educativa que ten como fin aproveitar pedagoxicamente o tempo no que o alumnado está privado de acudir ás aulas por sanción. A intención dende o equipo de convivencia é brindar a oportunidade de mostrar outra realidade relacional e educativa dentro do centro asignando un alumnado referencia (membros do equipo A de cursos superiores), que farán labores integradores e de guía.

- **Titorías (PAT):**

As titorías son utilizadas como espazos onde se forma ao alumnado dende unha perspectiva integral, trabállase a prevención, detección e intervención en aspectos de convivencia. Existen propostas didácticas na Aula Virtual, con un curso para titores/as. Recollemos as accións traballadas en titoría de cada curso para ter unha visión transversal do grupo-clase e ter información dende a que traballar a convivencia.

- **Departamentos didácticos e equipos docentes:**

Recollemos as achegas e contribucións dende os departamentos, as materias e o traballo interdisciplinar, entendendo a convivencia como aspecto fundamental e vehicular. É o elemento clave da competencia social e cidadá pola que todo o profesorado traballa e para iso debe existir unha comunicación continua e activa.

- **Familias (titorías individuais, ANPA, formación):**

É misión nosa a implicación e participación das familias e debemos estimulalas e coordinalas. Actualmente facemos moito traballo dende as titorías individuais, as familias participan na comisión de convivencia do Consello Escolar e tamén existe un vínculo estable coa ANPA (con suxestión de actividades e recursos para o alumnado) e propostas de formación para as familias en aspectos de convivencia e benestar emocional.

- **Entidades da contorna:**

Cabe destacar a importancia de crear lazos co tecido asociativo, entidades, centros educativos, empresas e proxectos comunitarios da contorna coa intención de que a comunidade educativa sexa ampla (colaboracións con RAOGAL, servicios sociais, CIM, CEFOR, Asociación das ANPAS da Costa Morte, APEN).

4. ACOLLEMENTO DE NOVOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A súa finalidade é procurar unha boa acollida ao persoal docente e non docente, así como ao alumnado de nova incorporación e que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posible. Cómpre destacar a necesidade dunha acollida positiva que alente o benestar do persoal do centro e favoreza o bo clima laboral, algo que repercutirá positivamente no alumnado.

4.1. ACOLLEMENTO DO PERSOAL DE NOVA INCORPORACIÓN AO CENTRO (PERSOAL DOCENTE E NO DOCENTE):

Misións e responsabilidades de cada profesional do centro:

- Conserxe: recibe a persoa de nova incorporación e avisa da súa chegada ao cargo directivo de garda para a toma de posesión.
- Persoal administrativo: recolle os datos administrativos necesarios da persoa de nova incorporación, segundo as instrucións da dirección.
- Xefe ou xefa de estudos ou cargo directivo de garda: fai o recibimento e entrégalle un cartafol con todos os materiais necesarios para exercer o seu labor docente ou tamén o de profesor-titor (horario individual, horario de grupo-aula, listaxe de alumnado por grupo cos seus principais datos persoais, orla do alumnado, planos do centro, resumo das principais normas de organización e funcionamento do centro e calendario escolar) e outra documentación do centro (anexo V, para concesión de permisos e licenzas, e modelo de sanción a alumnado). Realizaráselle unha visita guiada polo centro amosándolle cada dependencia: sala de profesores, despachos dos cargos directivos e secretaría, as diferentes aulas de alumnado, dependencias comúns (biblioteca, aula TIC, audiovisuais, salón de actos e seminarios)...

Ademais, no caso de persoal docente, porase en contacto coa persoa coordinadora das TIC para dálo de alta na aula virtual e matriculalo nos cursos pertinentes. Informaráselle dos grupos que traballan con E-Dixgal e cales coa aula virtual. Tamén se lle informará da existencia de cursos imprescindibles como o do “Portal do profesorado IES Agra de Raíces” e “Alerta escolar”, xunto con outros cursos de interese para todo o profesorado, así como dos contidos de cada un deles.

- Xefe ou xefa de departamento (no caso de persoal docente): entrega de material didáctico pertinente (programacións, libros etc.). Complementa a visita polo centro

achegando instrucións sobre o uso de aulas e materiais específicos do departamento e, segundo a especialidade do departamento, mostraránselle os laboratorios, ximnasios, pavillón, aula de informática, taller etc...

- Secretario ou secretaria: informar ao persoal non docente (persoal de administración e servizos) sobre os seus cometidos fundamentais.

4.1.1. RECEPCIÓN DO PERSOAL DOCENTE AO INICIO DE CURSO

A recepción do persoal de nova incorporación debe ser cordial e agradable, con información simplificada, transmitindo positivismo e procurando un benestar laboral que avogue por unha pronta integración na comunidade.

O persoal docente de nova incorporación será convocado ao claustro de inicio de curso onde se dará a coñecer e recibirá de primeira man toda a información sobre o funcionamento do centro. Asemade, entregaránselle un cartafol que conterá documentos e materiais específicos de orientación tanto para o profesorado como para os titores.

Guía para a presentación do alumnado (enfocado a titores e titoras):

- Horario semanal.
- Levantar acta do estado da aula. Esta acta revisarase de forma periódica.
- Ler resumo das NOF.
- Explicar as normas de xustificación de faltas.
- Normativa para a elección da persoa delegada.
- Explicar as funcións a levar a cabo pola persoa delegada.

4.1.2. RECEPCIÓN DO PERSOAL DOCENTE AO LONGO DO CURSO

Igualmente, o acollemento do persoal que se incorpore para realizar substitucións debe ser cordial e agradable, con información simplificada, transmitindo positivismo e procurando un benestar laboral que avogue a unha pronta integración na comunidade. De ser posible, o equipo directivo dedicará un tempo á transmisión de información antes de que o profesorado se incorpore á aula con un grupo descoñecido. Tamén sería conveniente achegarlle información de aloxamentos, posibilidades de viaxar en grupo con outro profesorado ou calquera outra información que favoreza a adaptación ao centro e á contorna. Asemade, tamén recibirá o cartafol cos documentos e materiais específicos de orientación, segundo sexa profesorado sen titoría ou con titoría.

4.2. PROTOCOLO DE RECEPCIÓN DE NOVO ALUMNADO

A súa finalidade é a de procurar unha boa acollida para o alumnado de nova incorporación e que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posible. Isto faríase con todo o alumnado de nova incorporación, sexa a inicio de curso ou ao longo do curso.

➤ **Novo alumnado que se incorpora a principio de curso:**

a) Primeiro día:

Cada grupo irá á aula adxudicada co seu titor ou titora, quen se encargará de explicar ao alumnado:

- O seu horario semanal, nome do profesor ou profesora que impartirá cada materia/asignatura/módulo profesional, así como as aulas que teñen que usar en cada materia.
- Plano do centro e plano de evacuación xenérico.
- Lectura do resumo das NOFC (despois nas sesións de titoría trataranse as NOFC en profundidade).
- Explicación breve das normas para xustificar faltas e a perda de avaliación continua, esta última só nos ciclos formativos.
- Explicación breve dos criterios de promoción e titulación. Posteriormente, tras aprobación das concrecións curriculares, farase máis en profundidade.
- Visita guiada polo centro para o alumnado novo que non tivo a oportunidade de coñecer o centro durante as xornadas de portas abertas.

b) Días sucesivos de titoría e durante o primeiro mes de clase:

- A titora ou titor levantará acta do estado da aula (1ª titoría) para entregala en secretaría. A acta e os estado da aula serán revisados en cada trimestre.
- Estableceranse, intentando acadar o maior consenso posible, as normas de clase.
- Lectura comentada (dialogada) das NOFC para favorecer o cumprimento das normas de convivencia e o benestar de toda a comunidade educativa.
- Normativa para a elección da persoa delegada. Importancia do labor do delegado ou da delegada de aula.

➤ **Alumnado que se incorpora durante o curso:**

Cada profesional do centro educativo terá definidas as súas misións e responsabilidades, as cales se detallan a continuación:

- **Persoal administrativo:** encher os datos administrativos do novo alumnado e informar sobre a data de incorporación deste.
- **Xefe/a de estudos ou cargo directivo:** recibe ao novo alumnado, facilítalle a información e material precisos, réalízalle unha visita guiada polo centro e informa ao titor ou titora da nova incorporación.
- **Titor ou titora:** presentación do alumno ou alumna ao grupo, daralle a coñecer o horario de clase, información sobre normas do funcionamento do centro (NOFC) e información sobre as aulas ás que teña que desprazarse (TIC, biblioteca, taller, laboratorio etc...). Será o encargado de informar ao equipo docente do grupo da incorporación dun novo alumno ou alumna.
- **Acordo entre a persoa titora e a xefatura do Departamento de Orientación** para unha sesión de recollida de información persoal e académica e, se é necesario, esta información debe ser transmitida ao equipo docente.

c) Normas de aula

Serán consensuadas entre a titor ou titora e o alumnado da súa titoría. Elaboraranse nas primeiras clases do curso e serán expostas no taboleiro. Comunicaranse, así mesmo, a todo o profesorado do grupo. Deben ser claras e concretas, enunciadas, preferiblemente, en positivo; realistas e fáciles de cumprir; non excesivas en número; non poden ir contra as normas establecidas no centro nin contra outras de rango superior.

Propóñense sete normas básicas. Ademais destas, cada titor ou titora establecerá xunto co seu grupo outras que considere necesarias para o mellor funcionamento do grupo-clase:

1. Puntualidade na chegada ao instituto, despois dos recreos e nos cambios de aula (educación física, laboratorios, ...)
2. Esperar ao profesorado na aula, non nos corredores.
3. As portas da aula permanecerán abertas sempre que non haxa profesorado dentro.
4. O grupo será responsable da conservación en bo estado da súa aula.
5. Non tomar comida nin bebida na aula, agás auga.
6. Os teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos permanecerán apagados.
7. Despois da última sesión de clase do día poñeranse as cadeiras enriba da mesa.

d) Protocolo de recepción de responsables

A súa finalidade é a de procurar unha boa acollida para as persoas responsables do

alumnado de nova incorporación e que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posíbel. Isto faríase cos responsables de todo o novo alumnado ao inicio de curso, ademais de calquera responsable de alumnado novo que se incorpore ao longo do curso.

Nos primeiros días de clases, mandarase unha mensaxe por Abalar de benvida ao novo curso. O profesorado titor podería incluír nesta mensaxe a súa sesión de atención a responsables de alumnado.

Nos primeiros días de clase, convocaranse para unha charla a todos os responsables dos grupos de ESO, co equipo directivo, departamento de orientación e titores dos grupos. Na charla informarase de:

- Equipo Directivo: obxectivos tanto a nivel académico como de desenvolvemento persoal que se pretenden acadar tras o seu paso por esta etapa educativa. Informará da existencia de todos os documentos necesarios para o funcionamento do centro que se atoparán a disposición para a consulta na páxina web do centro.
- O Departamento de Orientación: explicará o funcionamento de dito departamento e o seu horario de atención. Igualmente, informará da existencia de todos os documentos necesarios para o seu funcionamento que se atoparán a disposición para a consulta na páxina web do centro.
- Xefatura de Estudos ou un titor ou titora: explicará como solicitar unha sesión de tutoría que se solicitará, preferiblemente, a través da aplicación Abalar Móbil. Dita solicitude será cunha antelación mínima dunha semana para que o titor ou titora poida recompilar a información necesaria. No caso de querer falar con outros profesores ou profesoras, a petición farase do mesmo xeito, a través da aplicación Abalar Móbil.

Nos primeiros días de clases, farase unha charla con todos os responsables dos alumnos e alumnas de 1º Bacharelato e ciclo. A charla sería similar á descrita anteriormente e adaptada as características destes novos niveis.

e) Protocolo de información relativa ao rendemento e actitude do alumnado

Este apartado ten como finalidade procurar solucións a aqueles problemas detectados polas familias que no seu momento demandaron unha maior información sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e/ou fillas. Informarase ao titor/a sobre a actitude e rendemento do alumnado, alertando especialmente daqueles casos nos sexa preciso a intervención do

titor ou titora e/ou responsables. Con todo isto preténdese a implicación tanto do alumnado como dos seus responsables no proceso de ensino-aprendizaxe. Este compromiso debería ser asumido por todo o claustro de profesores, contribuíndo á mellora das relacións alumnado-profesorado-responsables.

As sesións de avaliación son un instrumento no que se detectan as necesidades e circunstancias relativas tanto ao rendemento como ao comportamento do alumnado. É por isto que se considera importante que estas sesións se inicien comentando as necesidades que manifesta o alumnado no cuestionario de preavaliación, así como a percepción do profesorado sobre o grupo. Posto todo isto en común, o profesorado, coa colaboración do departamento de Orientación, analizará as causas e achegará posibles solucións tanto académicas como de convivencia.

O titor ou titora dará información ao grupo do exposto na sesión de avaliación, principalmente no referente ao seu comportamento e rendemento como grupo e, de maneira particular, a aqueles alumnos e alumnas sobre os que se pronunciou a xunta de avaliación.

Outra vía de información sobre os resultados académicos é a CCP e o Consello Escolar, onde se comentan as estatísticas dos resultados de avaliación.

5. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.

Pasaranse cuestionarios para avaliar diferentes aspectos como a implementación do Plan de Convivencia (Anexo 2), o grado de satisfacción do contrato pedagóxico (Anexo 3), o alumnado referente (Anexo 4) e o Equipo A (Anexo 5).

No que respecta ás propostas de mellora:

- Este plan de convivencia revisarase e, de ser o caso, actualizarase periódicamente segundo as necesidades de convivencia que se detecten no centro e atendendo ás achegas de toda a comunidade educativa.
- Proponse o recoñecemento dunha hora semanal no horario do profesorado que forma parte do Equipo P para facilitar a coordinación e organización de diferentes tarefas.
- A inicio de curso, darase a coñecer o Plan de Convivencia a alumnado, profesorado, personal non docente e familias.
- Proponse incluír na Aula Virtual/E-dixgal do centro o Plan de Convivencia e

os documentos prácticos.

- Débense recoller de forma compartida as actividades levadas a cabo durante o curso (anexo 6) e o resto de documentación sobre evidencias da convivencia no centro (anexo 7).

ANEXO 1

Informe xefatura

No primeiro trimestre do curso 2022/2023 producíronse un total de 51 faltas de conduta repartidas do seguinte xeito:

No nivel da ESO (33 faltas en total):

- 1º ESO: 4 faltas leves
- 2º ESO: 10 faltas leves e 1 falta grave
- 3º ESO: 8 faltas leves e 1 falta grave
- 4º ESO: 8 faltas leves e 1 falta grave

No nivel de Bacharelato (18 faltas en total):

- 1º BACHARELATO: 7 faltas leves e 1 falta grave
- 2º BACHARELATO: 10 faltas leves

Os resultados finais son bastante positivos xa que reflicten e determinan que tan só un 8,29 % do alumnado ten faltas de conduta leves, un 1,03% ten faltas graves e un 90,68% do alumnado total do centro, non ten ningún tipo de sanción.

Xa no segundo trimestre, os resultados foron moitísimo máis satisfactorios, claro espello de que as medidas restaurativas son produtivas e positivas.

Observamos no nivel da ESO unha redución no número de sancións, que pasa de 33 a 28 (5 faltas menos); e no caso de BACHARELATO, pasamos de 18 a 11 (7 faltas menos). Deste xeito, os resultados finais revelan unha redución considerable non só no número de faltas (12 faltas menos), senón tamén na súa tipoloxía, pois neste segundo trimestre non contamos con ningunha falta grave.

Así, os resultados finais expresados en porcentaxes reflicten que o 90,18% do alumnado non cometeu ningunha sanción.

ANEXO 2

Formulario de valoración sobre o Plan de Convivencia (hetero e coavaliación).

VALORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	PUNTUACIÓN (0-5)
1. Difusión do plan de convivencia na comunidade educativa.	
2. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.	
3. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.	
4. Análise axeitada dos conflitos do centro educativo.	
5. Adecuación das medidas restaurativas aos conflitos xurdidos.	
6. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan.	
7. Realización de actividades de formación en materia de convivencia.	
8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.	
9. Participación de institucións e organizacións sociais.	
10. Valoración global da convivencia no centro educativo.	
Puntuación total:	






ANEXO 3

Formulario de valoración propio (autoavaliación dos participantes do equipo A, alumnado referente e contrato pedagóxico).

Enquisa Contrato Pedagóxico.

- Valora do un ao cinco a túa satisfacción con cada unha das actividades propostas.

1. Moi insatisfeito.
2. Insatisfeito.
3. Satisfeito.
4. Moi satisfeito.
5. Encantado

					
Actividade: soporte lingüístico.	1	2	3	4	5
Actividade: entrevista.	1	2	3	4	5
Actividade: acompañamento á diversidade.	1	2	3	4	5
Actividade: horta comunitaria e coidado do entorno.	1	2	3	4	5
Actividade: coidado e mantemento do material e instalacións deportivas.	1	2	3	4	5

Escribe o proveito que ti consideras que sacaches de cada actividade.

Actividade: soporte lingüístico.	
Actividade: entrevista.	
Actividade: acompañamento a diversidade.	
Actividade: horta comunitaria e coidado do entorno.	
Actividade: coidado e mantemento do material e instalacións deportivas.	

1. Escribe algunha actividade que che gustaría facer e que neste programa non se che propuxera.

ANEXO 4

Formulario de valoración do alumnado referente:

- **Alumnado acompañado**

<https://docs.google.com/forms/d/1SaAPGQSCqfzZ1I5TA1PAVnWfu0UQNEF-1WVi-54ihQk/edit>

Alumnado acompañado

Cambiar de cuenta

No compartido

Como te sentiste ca/o tua alumna/o referente?

	1	2	3	4	5	
Moi mal	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moi ben

Como te sentiste con respecto os grupos/clase nas que tivestes que entrar acompañada/o?

	1	2	3	4	5	
Moi mal	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moi ben

Cumpleuse o planificado na proposta inicial de traballo?

	1	2	3	4	5	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Todo cumprido

- **Alumnado referente**

[Formulario sin título - Formularios de Google](#)



ANEXO 5


Formulario de valoración do alumnado participante no Equipo A:

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfJZx-zhRI1FKL7WuSZektXj1vvB6ECbev0GdS98kKPUAifXQ/viewform?usp=sharing>

CONVIVENCIA no IES Agra de Raíces: valoración do alumnado do Equipo A.

A túa OPINIÓN é a túa PARTICIPACIÓN SON IMPORTANTES . GRAZAS.

 Cambiar de cuenta 

 No compartido

** Indica que la pregunta es obligatoria*


1. Cal é a túa clase? *

- 1ª ESO
- 1º B ESO
- 2º A ESO
- 2ºB ESO
- 2ºC ESO
- 3ª A ESO
- 3ºB ESO
- 3º C ESO
- 3º D ESO (PDC)
- 4ª A ESO
- 4ºB ESO
- 4ºC ESO (PDC)

ANEXO 6

Proposta de cuadro-resumo de actividades anuais.

<https://docs.google.com/spreadsheets/d/1zNBomFeO14fysAcmc9eTJDwZ9gGh6eHVFADz-8dKKOM/edit?usp=sharing>



The image shows a Google Sheet interface. The title bar reads "ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES-curso 23-24". Below the title bar is a menu with options: Archivo, Editar, Ver, Insertar, Formato, Datos, Herramientas, Extensiones, Ayuda. The search bar contains "Solo lectura". The spreadsheet grid has columns A through F and rows 1 through 13. The header row (row 1) has green cells with the following labels: A: GRUPO, B: ACTIVIDADE, C: DATA REALIZ., D: CONTACTO, E: PALABRA CLAVE: co-educación, l, F: VALORACIÓN. Row 2 has a blue cell in column A labeled "1º A ESO". Rows 3-7 are empty. Row 8 has a blue cell in column A labeled "1ºB ESO". Rows 9-13 are empty.

	A	B	C	D	E	F
1	GRUPO	ACTIVIDADE	DATA REALIZ.	CONTACTO	PALABRA CLAVE: co-educación, l	VALORACIÓN
2	1º A ESO					
3						
4						
5						
6						
7						
8	1ºB ESO					
9						
10						
11						
12						
13						

ANEXO 7

Guías con recursos prácticos asociados á convivencia:

https://docs.google.com/document/d/1DT0SozHDolyGTBmgGxYW_Ffbqk5x1spGN4f-pkwQ0mE/edit?usp=sharing

Nº	Temática	Link
BENESTAR EMOCIONAL		
1	<p>Guía para o desenvolvemento do plan de Benestar Emocional para alumnado, profesorado e familias.</p> <p>Xunta de Galicia</p>	guía desenvolvemento plan benestar .pdf (profesoradogalicia.com)
2	<p>Exemplo dun centro con experiencia:</p> <p>Guía para o benestar emocional- IES Xelmirez I</p>	GUÍA DE BENESTAR EMOCIONAL.pdf (xunta.gal)
3	<p>Protocolo de prevención e actuación no ámbito sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil</p>	PROTOCOLO RISCO SUICIDA-V.12.pdf (sergas.gal)
CONTRA AS VIOLENCIAS: machismo, racismo, <u>LGTBI</u> fobia, acoso e ciberacoso escolar...		
1	<p>Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar</p> <p>Xunta de Galicia</p>	protocolociberacoso.pdf (profesoradogalicia.com)